



RESOLUCIÓN DESTA XEFATURA TERRITORIAL POLA QUE SE AUTORIZA A EXTRACCIÓN DE PERCEBE NA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXÍA.

Por mor do disposto na Orde do 22 de decembro de 2014 (DOG Nº 250, de 31 de decembro de 2014) pola que se aproba o PLAN XERAL DE EXPLOTACIÓN MARISQUEIRA PARA O ANO 2015 e ao amparo do Decreto 237/02 de 11 de xullo que modifica o Decreto 423/93, polo que se refunde a normativa vixente en materia marisqueira, de extracción de algas e cultivos mariños, así como o Decreto 15/2011, de 28 de xaneiro polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia; vista a solicitude da CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXÍA para a extracción de PERCEBE, esta Xefatura Territorial no exercicio das súas competencias e previos os informes técnicos favorables, ACORDA ditar a seguinte

RESOLUCIÓN

DATAS: 9, 10, 11, 12, 13, 16, 23, 24, 25, 26, 27 e 30 de novembro.

Zona B (A Buitra): de punta Matemao a praia de Lourido (CM-027, CM-028)

PUNTOS DE CONTROL: A pé

Zona B: campo de Carlos (ED50.480315-4769640)

Embarcacións: rampla do peirao de Muxía (ED50.482504-4772772)

Cómpre lembrar que o percebe extraído debe ir do punto de control á lonxa, onde se emitirá o documento de transporte no caso de ser trasladado a outra lonxa para a súa venda.

PUNTOS DE VENDA: lonxa de Muxía e outras lonxas autorizadas.

TOPES DE CAPTURA:

Embarcación: 6 kg. habilitación enrolado e a bordo/día agás na zona C (A Barca)
7 kg. habilitación enrolado e a bordo/día, na zona C (A Barca)
A pé: 6 kg. mariscador/día, agás na zona C (A Barca)
7 kg. mariscador/día, na zona C (A Barca)

HORARIO: De dúas horas e media antes a dúas horas despois da primeira baixamar diúrna, e ata as 18:00 h. como máximo.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse RECURSO DE ALZADA ante a conselleira do Medio Rural e do Mar no prazo DUN MES dende a notificación ou publicación desta resolución, segundo os artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/99.

A Coruña, 27 de outubro de 2015

O xefe territorial

P.D. de firma (Resolución do xefe territorial de 21 de xullo de 2015)

O xefe de coordinación da Área do Mar

Juan Carlos Barreiro González

